

REUNIÓN COMEZO DE CURSO

MESTRAS

MÚSICA: Laura Varela

INGLÉS: María José Cartemil

RELIXIÓN: Isabel.

EDUCACIÓN FÍSICA: Chus.

TITORA: Ana

PLANS

-BIBLIOTECA: iremos 1 hora á semana (xoves). O alumnado poderá levar un libro de préstamo que ten que traer de volta o xoves seguinte. Para poder levar un novo libro será necesario traer o da semana anterior.

INFORMÁTICA: 1 hora á semana (mércores). Faranse actividades relacionadas cos contidos traballados na aula.

PATIOS DINÁMICOS: este curso poranse en marcha diferentes actividades na hora do recreos.

PROXECTO ANUAL: leva por título GALICIA SOMOS NÓS, polo tanto será ese o tema que relacione as festividades e as saídas (que será unha ao trimestre)

MERENDA

Recoméndase seguir o calendario de merendas saudables colgado na páxina web.

Para a celebración dos aniversarios poden optar por algún doce envasado ou tortas feitas na casa, que se repartirá na aula no momento da merenda.

REUNIÓNS

A titora comunicará a través de Abalar aqueles sucesos do día a día que non precisen unha reunión en persoa. Tratará de reunirse coa familia de cada neno/a unha vez no trimestre.

O horario oficial de atención ás familias é os luns de 17:00 a 18:00 horas, pero na reunión acordamos fixar con anterioridade unha cita co fin de que a mestra poida ter preparado o material do alumno que considera apropiado amosarlle á familia e tamén para evitar que varias familias coincidiran nun mesmo día e non poidan dispor dun tempo suficiente para tratar todos os aspectos relevantes.

En calquera momento do curso as familias poderán solicitar unha reunión presencial, se consideran que existe algún asunto que así o requira.

AVISOS

A mestra utilizará a plataforma Abalar para os avisos e notificacións tanto a nivel grupal como individual. As familias deben usar esta mesma plataforma para poñerse en contacto coa mestra titora en caso de calquera notificación ou xustificación de faltas.

No caso de que algunha familia teña unha comunicación urxente (entendendo ésta como un aviso para ese mesmo día: por exemplo cambios na asistencia ao comedor ou na recollida) prégase que chamen por teléfono para asegurarse de que o aviso é recibido.

FALTAS

-Deberán xustificarse as faltas do alumnado a través de Abalar ou ben cumprimentando o impreso que o centro ten para tal efecto. No caso de ausentarse varios días e acudir ao centro médico deberá achegar o xustificante da consulta e/ou do médico.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do curso céntanse nos seguintes aspectos:

- 1.- Fomentar a autonomía e a responsabilidade do alumnado respecto ás tarefas e ós materiais.
- 2.-Recoñecer o erro como un elemento para mellorar e aprender e fomentar unha actitude crítica co traballo e as actividades de aula. Fomentar a perseverancia no discorrer do curso.
- 3.-Incidir nos bos modais e as habilidades sociais para disfrutar dun clima de traballo agradable.
- 4.-Fomentar a boa organización dos materiais e as tarefas, vendo a orde como un elemento que nos facilita a aprendizaxe.
- 5.- Adaptarse progresivamente á metodoloxía e tempos de traballo da etapa de Educación Primaria.
- 6.- Adquisición da lectoescritura como o eixo vertebrador de todas as materias e como un instrumento de coñecemento do medio e de relación co mesmo.
- 7.-Adquisición da numeración básica e das operacións de cálculo básicas para poder relacionarse co entorno axeitadamente.

TAREFAS

Ocasionalmente os nenos e as nenas poderán levar para a casa aquelas tarefas que non remataran na aula por falta de tempo. Tamén levarán algunhas tarefas de reforzo dos contidos que se están tratando na aula. Estas tarefas non serán obrigatorias nin suporán ningún tipo de calificación, aínda que se recomenda a súa realización para un mellor desenvolvemento dos contidos traballados.

Estas tarefas deberán resolvelas eles/elas sós e o tempo que lles adiquen non debera pasar dos 20 minutos, se algún alumno en varias ocasións non consegue rematar as tarefas nese tempo debe comunicarllo á titora.

MATERIAS

Os obxectivos, contidos e avaliación de cada asignatura están recollidos na programación de aula que estará á vosa disposición na web do centro (avisareivos por Abalar en que apartado estarán colgadas)

TEMPO LIBRE

A mestra de Educación Física recomenda que os nenos e as nenas asistan a unha actividade extraescolar deportiva de equipo.

A titora lembra as seguintes recomendacións para o tempo de lecer:

- 1.- Deben dispoñer de tempo para o xogo libre xa que na súa idade é un elemento fundamental para o seu desenvolvemento.
- 2.-Recoméndase priorizar os xogos ao aire libre, xogos de mesa, actividades manipulativas e/ou colaborativas con outras persoas fronte ao uso de pantallas. Na etapa evolutiva que se atopan teñen especial importancia aqueles xogos nos que poidan inventar, descubrir, manipular...
- 3.- Incidir na súa responsabilidade coas tarefas (escolares e non escolares) e valorar os avances que van conseguindo.
- 4.- O descanso é fundamental para que poidan rendir e estar en condicións óptimas para vir á escola.